

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Concesión do uso privativo do local 1 (planta baixa), local 2 (planta primeira) e local 3 (planta primera) do edificio de Servizos Municipais do Concello de Cee á Comunidade Autónoma de Galicia. Expediente nº 2025/X999/000124

ANUNCIO

En cumprimento do establecido no artigo 110.1.f) do Real Decreto 1372/86, de 26 de novembro, do Regulamento de Bens das Entidades Locais e do artigo 84 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, faise público por un prazo de 15 días hábiles, que comenará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o expediente de cesión gratuita á Comunidade Autónoma de Galicia da concesión do uso privativo do Concesión do uso privativo do Local 1 (planta baixa), Local 2 (Planta Primeira) e Local 3 (Planta Primera) do Edificio de Servicios Municipais (Casa Consistorial), sito na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, Cee, mediante procedemento de adjudicación directa por un prazo de 25 anos, prorrogables por un período de 5 anos, onde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración reformará os citados locais para dar servizo o SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal), para que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes.

Descrición dos locais:

O PRIMEIRO LOCAL, situado na planta baixa do volume localizado ao sur do conxunto comprende unha superficie, segundo planos, de 288 m². O espazo configúrase arredor un elemento central o cal conecta as diferentes estancias co exterior. Forma parte da cesión unha estancia co acceso actual situado na fachada oeste. Aos efectos, apórtase a continuación o seguinte cadro descritivo:

Local 1 (Planta Baixa) - Edificio de Servicios Municipais	
Referencia catastral:	4661101MH8546S
Situación:	Rúa Domingo Antonio Andrade, s/n, parroquia de Cee (Cee)
Clase:	Servicio Público (segundo consta no inventario)
Coefficiente:	13 %
Superficie local:	288 m ² (segundo planos)
Ano de construción:	1982 (segundo catastro)
Estado:	Normal

O SEGUNDO LOCAL, situado na planta primeira do volume situado ao norte do conxunto, comprende unha superficie, segundo planos, de 167 m². O espazo comprende unha estancia diáfana sen divisións horizontais, con acceso a través dos elementos de comunicación comúns do conxunto. Aos efectos, apórtase a continuación o seguinte cadro descritivo:

Local 2 (Planta Primeira) - Edificio de Servicios Municipais	
Referencia catastral:	4661101MH8546S
Situación:	Rúa Domingo Antonio Andrade, s/n, parroquia de Cee (Cee)
Clase:	Servicio Público (segundo consta no inventario)
Coefficiente:	7,56 %
Superficie local:	167 m ² (segundo planos)
Ano de construción:	1982 (segundo catastro)
Estado:	Normal

Na planta primeira, contiguo ao segundo local, situado no volume norte do conxunto, figura un TERCEIRO LOCAL e espazo de acceso aos locais da planta primeira obxecto do presente informe. Conxuntamente, os espazos comprenden unha superficie, segundo planos, de 41 m2. Aos efectos, apórtase a continuación o seguinte cadro descritivo:

Local 3 (Planta Primeira) - Edificio de Servicios Municipais	
Referencia catastral:	4661101MH8546S
Situación:	Rúa Domingo Antonio Andrade, s/n, parroquia de Cee (Cee)
Clase:	Servicio Público (segundo consta no inventario)
Coeficiente:	1,85 %
Superficie local:	41 m2 (segundo planos)
Año de construción:	1982 (segundo catastro)
Estado:	Normal

Cee, 30 de abril de 2026

A Alcaldesa

Margarita Lamela Louzán

2026/2784